

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
9 DE DECEMBRO DE 2016.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- 2.- Clasificación de ofertas para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento. Expte. 7909/113.

ALCALDÍA

- 3.- Subvención nominativa mediante convenio coa Asociación de Axuda ao Enfermo Mental DOA, para o desenvolvemento do su programa de actividades para o ano 2016: obradoiro de cartón-pedra, coiro e serigrafía. Expte. 14053/101.
- 4.- Subvención nominativa mediante convenio co Instituto de Estudos Vigueses, para o desenvolvemento do seu programa de actividades para o ano 2016. Expte. 14341/101
- 5.- Subvención mediante convenio coa Asociación Galega San Francisco (AGASFRA) para a realización das xornadas de convivencia entre as persoas con discapacidade intelectual dos distintos centros de AGASFRA e as súas familias. Expte. 14040/101.
- 6.- Subvención mediante convenio coa Asociación de Amigos de la ruta marítima do Apóstol Santiago a Galicia para o desenvolvemento da actividade “Ruta marítima o Cabaleiro das Cunchas” no ano 2016. Expte. 14532/101.

DEPORTES

- 7.- Nomeamento da dirección facultativa, coordinador de seguridade e delegación de competencias na execución das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña. Expte. 15643/333.
- 8.- Proposta de autorización para a organización da VI Carreira Solidaria nocturna e Bembrive “Memorial Manuel Dalmeida”, o vindeiro sábado 10 de decembro de 2016. Expte. 15577/333.
- 9.- Proposta de autorización para a organización da XVI Edición do Cross Escolar Memorial Andrés Abanqueiro, o vindeiro domingo 11 de decembro de 2016. Expte. 15070/333.

- 10.- Proposta de autorización para a organización da XI Subida ao Castro, o vindeiro domingo 11 de decembro de 2016. Expte. 15071/333.

SERVIZO AREA CULTURA

- 11.- Resolución sobre a suspensión solicitada do acordo da X. Goberno local impugnado, de data 7/10/16, en relación co requirimento de cumprimento de obriga do prego de cláusulas administrativas ao Pazo de Congresos de Vigo S.A. e os seus administradores e accionistas. Expte. 1035/330.
- 12.- Impugnación do acordo do 18/11/16 do Consello de Administración de Pazo de Congresos de Vigo S.A., que resolve solicitar a declaración desta mercantil en concurso voluntario de acredores. Expte. 1045/330.

SERVIZOS XERAIS

- 13.- Clasificación de ofertas para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño. Expte. 4015/440.
- 14.- Clasificación de ofertas para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase I). Expte. 3970/440.
- 15.- Expediente de contratación para a adquisición dun vehículo tipo Dumper para a carga de materiais de obra. Expte. 12225/445.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **9 de decembro de 2016, ás 10,40 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

